

Thelma

e

Luise

Ángel Alonso Rama.

Ruta 66 e fronteira de México



-A Carrereira Principal de América ou a Carrereira Nai.

Estableciuse o 11 de novembro de 1926, aínda que non se sinalizou ata o ano seguinte. Orixinalmente discurría dende Chicago (Illinois), a través de Missouri, Kansas, Oklahoma, Texas, Novo México, Arizona e California, ata finalizar N`os Ánxeles, con un recorrido total de 3939 km.

A Ruta 66 foi o principal itinerario dos emigrantes que ían ao oeste e sostivo a economía das zonas que a carrereira atravesaba. Foi descatalogada (é dicir, oficialmente retirada da Rede de Carreteras de Estados Unidos) o 27 de xuño de 1985 despois de decidirse que a carrereira xa non era relevante e de reemplazarse pola Rede de Autopistas Interestatais de Estados Unidos.

Esta cubre os seguintes estados:

·CHICAGO – SPRINGFIELD (ILLINOIS)...E como non, a parada obligatoria: O Restaurante Berghoff. Este bar mantívose aberto durante a lei seca en Estados Unidos vendendo cervexa case sen alcohol.

·MISSOURI...A cidade de St. Louis é moi coñecida por ser o punto exacto onde dous dos ríos americanos máis importantes se cruzan: O río *Mississippi* e o río *Missouri*.

·OKLAHOMA...A primeira parada obrigatoria en Oklahoma sería Clinton , onde se encontra o museo da Ruta 66.

·TEXAS...A seguinte parada obrigatoria a 12 Km de Amarillo é o Cadillac Ranch, unha das máis populares da Ruta 66. Son coches clavados no chan, onde se pode pintar sobre eles. O Cadillac Ranch foi definido como unha icona da Ruta 66, unha obra de arte urbano e moderno.

·NOVO MÉXICO...O estado con maior diversidade étnica e cultural dos Estados Unidos.

·ARIZONA... É unha cidade na que da a sensación de ser moi agradable, con xente moi agarimosa e rodeados de montañas, bosques e lagos con casas de madeira.

·AS VEGAS – SANTA MÓNICA – OS ÁNGELES (CALIFORNIA)...Santa Mónica é o verdadeiro final da Ruta 66. Aínda que moita xente pense que o final é nos Ángeles, deberían de saber que esta carreteira foi obxecto de moitas melloras e sufríu bastantes cambios; os cales afectaron á lonxitude do recorrido, e un deles foi trasladado dende o final dos Ánxeles a Santa Mónica.

VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia é aquela conduta que realiza de maneira consciente e adrede para xerar algún tipo de dano a vítima. Xénero ten varios significados pero neste caso interéсанos o seu significado como o grupo de seres que comparten certas características. Polo tanto a violencia de xénero é a exercida dun sexo ao outro. Polo xeral nomease a violencia contra a muller.

Segundo o xornal El Mundo dende o 2011 ata o 2015 rexístranse foron asasinadas 215 mulleres. Tamén proporcionan o dato de que en España hai unha media nos últimos 25 anos de 13 asasinatos por mes o que é unha verdadeira barbaridade.

Consecuencias:

CONSECUENCIAS CATASTRÓFICAS

- Morte (por homicidio, suicidio, etc.)

CONSECUENCIAS NA SAÚDE

- Lesións diversas: contusións, traumatismos, feridas, queimaduras,? que poden producir discapacidade
- Deterioro funcional
- Síntomas físicos inespecíficos (por exemplo cefaleas)
- Peor saúde

CONSECUENCIAS CRÓNICAS DE SAÚDE

- Dor crónica
- Síndrome do intestino irritable
- Outros trastornos gastrointestinales
- Queixas somáticas

CONSECUENCIAS SEXUAIS E REPRODUTIVAS

- Por relacións sexuais forzadas: perda de desexo sexual, trastornos menstruales, enfermidades de transmisión sexual incluído o VIH/SIDA, sangrado e fibrosis vaginal, dispareunia, dor pélvico crónico, infección urinaria, embarazo non desexado?
- Por malos tratos durante o embarazo: hemorraxia vaginal, ameaza de aborto, morte fetal, parto prematuro, baixo peso ao nacer

CONSECUENCIAS NA SAÚDE PSÍQUICA

- Depresión
- Ansiedade
- Trastornos do soño
- Trastorno por tensión postraumática
- Trastornos da conduta alimentaria
- Intento de suicidio
- Abuso de alcol, drogas e psicofármacos

CONSECUENCIAS NA SAÚDE SOCIAL

- Illamento social
- Perda de emprego
- Absentismo laboral
- Diminución do número de días de vida saudable

CONSECUENCIAS NA SAÚDE DAS FILLAS E FILLOS

- Risco de alteración do seu desenvolvemento integral
- Sentimentos de ameaza
- Dificultades de aprendizaxe e socialización
- consecuencias da violencia de xero na mujerAdopción de comportamentos de submisión ou violencia cos seus compañeiros e compañeiras
- Maior frecuencia de enfermidades psicosomáticas
- Con frecuencia son vítimas de malos tratos por parte do pai
- Violencia transgeneracional con alta tolerancia a situacións de violencia
- A violencia pode tamén afectar a outras persoas dependentes da muller e que convivan con ela.

En torno as medidas contra o agresor son moi liviáns para a importancia do suceso.

-ANÁLISE DA PELÍCULA

Descrición dos personaxes masculinos da película.

DARRYL (MARIDO DE THELMA)

Con este personaxe encontrámonos coa clásica figura do marido que domina e exerce poder moral e económico sobre a súa muller. Trátase dun ser pouco afectivo e cariñoso que non mostra preocupación algunha cando se entera de que Thelma está envolta nun crime.

JIMMY (MOZO DE LOUISE)

Este personaxe é todo o contrario ao anterior,interésase en todo momento polo benestar e a situación de ambasduas fuxitivas e ata as axuda nun determinado momento cando lle entrega diñeiro a Louise para que poidan fuxir. Mostra grande afección por esta e non quere separarse de ela.

HAL (POLICIA)

Este personaxe é bastante significativo porque simboliza a esperanza do cambio. Envolto totalmente nun sistema machista, rodeado de policías homes, este personaxe mostra interés en todo momento polo caso que concerne a Thelma e Louise e inclusive confiando nelas apostando a que son inocentes.

JD (XOVEN)

Este personaxe é algo peculiar xa que a pesar de tratar ben en todo momento ás dúas protagonistas, acaba aproveitándose delas e roubándolles o seu diñeiro.

Escasa participación na trama xeral, pero segue sendo un símbolo machista.

HARLAN (O ACOSADOR)

Este quizais sexa o personaxe mais relevante xa que a súa intervención propinou o cambio de rumbo do argumento que pasou de ser unha simple escapada de dúas amigas á fuxida de dúas “delincuentes”. Trátase dun personaxe dominador e agresivo que intenta violar a Thelma nun determinado momento da película, sendo asesinado por Louise para evitalo.

POLICÍA DE TRÁFICO

Este personaxe ten escasa participación na película pero o seu papel é moi importante xa que nos mostra a debilidade real do home. Pasa en poucos minutos de ser unha figura totalitaria a mostrar clemencia ante as nosas protagonistas nun fugaz encontro na carretera.

CAMIONEIRO

Este personaxe aparece en varias ocasións e simboliza a grosería e o como os homes tratan ás mulleres como si fosen obxectos. Esta situación revírtese en canto, ao igual ca o policía de tráfico, este se ve sometido por Thelma e Louise.

COMENTARIO

Para comentar o tema da igualdade de xénero na película, o cal está presente en todo o seu transcurso, cabe destacar certos momentos nos que se reflexa realmente a diferenza entre homes e mulleres a través dunha simboloxía moi ben escollida polo director e igual de ben representada polos personaxes.

O primeiro momento a destacar é o comezo da viaxe, cando Thelma decide marchar con Louise sen falar co seu marido, Darryl. Esta decisión xorde, como ben ela di, de que non a iba deixar, pois unicamente a quere para atender a casa e facerlle as tarefas.

O seguinte momento tamén ten como protagonista a Thelma, mais neste

caso é polo intento de violación de Jimmy, un rapaz co que bailou nun bar, feito que o levou a pensar que podía chegar ata o final aínda que ela non quixese, simplemente por ser un home. Aquí engádesse tamén o asasinato posterior de Louise por unha razón que se explique máis adiante, e é que ela foi violada en Texas uns anos atrás.

A continuación intervén o personaxe do camioneiro, co cal se cruzan varias veces na carretera e que lles fai unha serie de xestos en referencia ao sexo, insinuando que ten dereito a facer o que queira con elas e que esas son formas de tratar a unha muller.

O seguinte feito destacable é o momento no que Thelma, falando con Darryl, lle di que el non é seu pai, senón seu marido. Este feito reflicte que un pai ou unha nai si teñen dereitos sobre os seus fillos e poden prohibirlle certas cousas, mais un home non pode facer iso coa súa muller.

Por último, o feito posiblemente máis simbólico da película sobre a opresión á que estaban sometidas as mulleres é a persecución policial na cal participan un montón de coches conducidos por homes, detrás dun único coche no que van dúas mulleres. Ademais, coa mesma simboloxía, está a escena final, na que todos os coches están arredor do seu, e elas deciden tirarse en defensa da liberdade da muller.

Todos estes feitos reflicten unha ideoloxía na que o home, só polo feito de ser home, ten unha serie de dereitos e unhas condicións superiores á muller, a cal debe estar subordinada ao seu poder.

Na actualidade, a ideoloxía está cambiando e a xente vaise concienciando de que a muller ten os mesmos dereitos que o home, e ninguén é superior nin ten máis dereitos. Sen embargo, hai moito por cambiar, pois os números de mortes por violencia machista ou de mulleres desempañadas porque os postos están ocupados por homes son moi elevados.

Por iso, todos debemos colaborar e seguir traballando para que as mulleres consigan ter os mesmos dereitos que os homes en todo tipo de situacións.

Roles culturais e sociolaborais dos homes e das mulleres

<u>Rol</u>	<u>Mulleres</u>	<u>Homes</u>
traballo	Ama de casa	carpinteiro
sexo	débil	forte
espazo	privado-doméstico	público
función	reprodutiva	produtiva
actitude	pasiva	activa

estudos	sociais	científicos
comportamento	permisivo	autoritario
comportamento na parella	abnegación	independencia
visión da sociedade	coidadoras	líderes
carácter	sensibles	duro

Según a definición recollida pola RAE, un estereotipo consiste nunha imaxe estruturada e aceptada pola maioría das persoas como representativas dun determinado colectivo. Esta imaxe fórmase a partir dunha concepción estática sobre as características xeneralizadas dos membros desa comunidade.

Os estereotipos poden ser de tipo culturais, sociais ou raciais. Sen embargo, soen formarse unindo estas tres características, polo que é moi difícil separalos completamente uns doutros. Os estereotipos de xénero son crenzas sobre as características asociadas a mulleres e homes que manteñen a discriminación de xénero. As crenzas estereotípicas sobre os grupos de xénero surxen porque ao observar que cada grupo realiza roles sociais diferentes infírese na existencia de disposicións internas distintas.

Os estereotipos de xénero incorporanse a través da aprendizaxe na socialización e con frecuencia non existe xustificación racional, en embargo inflúen en actitudes e condutas, por eso son utilizados con frecuencia na publicidade, no cine, etc.

O estereotipo masculino caracterízase por unha gran necesidade de dominio, agresión e realización. Pola contra, os estereotipos femininos caracterízanse por unha gran necesidade de dependencia, coidados e afiliación.

Os estereotipos degradan a muller, asignanlle roles serviles na sociedade e devalúan os seus atributos e características. Os prexuízos sobre a inferioridade das mulleres e os seus roles estereotipados xeneran irrespeto por elas ademais da súa devaluación en todos os sectores da sociedade. As mulleres poden ser socialmente condicionadas para internalizar estereotipos negativos sobre si mesmas e para cumprir có papel subordinado e pasivo que consideran axeitado para o seu status.

***Conceptos:**

-Sexo: condición orgánica que diferencia aos homes das mulleres.

-Xénero: agrupa un conxunto de especies con certos caracteres comúns, e que se inclúe,

con outros xéneros, nunha familia, orde e clase.

-Androcentrismo: crenza que pon ao home por enriba de todo.

-Patriarcado: forma de familia e sociedade dun grupo caracterizado pola preponderancia do pai sobre os demais membros da tribu ou familia.

-Feminismo: conxunto de movementos cuxa doutrina común é a de mellorar a situación da muller na sociedade, e que esta acepte os seus dereitos para lograr a súa emancipación.

-Machismo: comportamento e maneira de pensar, ambos baseados na superioridade do home respecto da muller, e na exaltación das supostas calidades viriles, tales como a forza.

-Hembrismo: usado para referirse á misandria ou desprecio polos homes.

***¿Son as xeracións actuais máis igualitarias que as anteriores?¿Existe un retroceso con respecto á igualdade?**

Actualmente penso que se está a respectar máis á muller e a tomala máis en serio no seu rol como cidadana. Os homes entenden as calidades femininas mellor que nunca, e isto supón un avance en tódolos sentidos e campos.

Hoxe en día, hai un maior número de mulleres na universidade que de homes, así como un progresivo aumento de féminas con poder e influencia a nivel mundial e estatal. E isto débese non ás protestas ou levantamentos levados a cabo por diferentes asociacións, senón a súa igual capacidade de esforzo e dedicación con respecto dos homes. Ambos sexos somos practicamente iguais, exceptuando determinadas diferencias anatómicas e hormonais; as cales non supoñen ningún tipo de impedimento para manter a harmonía humana. Elas supéronse facer un sitio na sociedade, no mundo laboral ou na economía, con moito sacrificio e esforzo. Eles entenden cada día que pasa máis e mellor sobre as capacidades das féminas, e aceptan con maior facilidade o seu papel igualitario.

É certo que existe unha maior presión social hacia os grupos máis machistas ou antigos da nosa sociedade, que se debe principalmente a estes grupos feministas e movementos sociais, pero persoalmente, opino que o conflito só leva a destrución, e o único capaz de manterse no tempo é o esforzo levado a cabo por mulleres e homes para mellorar a situación da fémia en tódolos ámbitos.